

O Rexurdimento pleno II. Comezos do século XX

Exercicios de autoavaliación

1. Comenta as obras do *Rexurdimento* que estuden a lingua galega.
2. Escribe dez liñas sobre a prensa do *Rexurdimento*.
3. Fala do uso do galego en actos públicos durante o *Rexurdimento*.
4. Cita tres temas da poesía de Eduardo Pondal e tres técnicas moi características que empregase habitualmente.
5. Analiza a métrica destes versos de *Pondal* que seguen. Explica a anáfora, a antítese e o paralelismo que aparecen neles. Comenta, así mesmo, as formas non normativas.

Eu nacín en agreste soedade,
eu nacín cabo dan agreste outeiro,
pra onde o Anllóns con nobre maxestade,
camiña ó seu destino derradeiro.
Eu non nacín en vila nin cidade,
mais, lonxe do seu ruído lisonxeiro;
eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.

6. Que simbolizan a paisaxe agreste e os piñeiros no anterior poema de Pondal? Por que opón esta paisaxe á cidade?
7. Lembra a frase que, segundo Lugrís Freire, dixo Pondal no seu leito de morte. Tras leres o texto e recordando o que estudaches sobre o autor, xustifícaa.
8. Explica por que Pondal é considerado un poeta moderno. Lembra o simbolismo, o parnasianismo, o modernismo...
9. Que é o *Banquete de Conxo*?
10. Quen escribiu o *Himno galego*? Investiga quen fixo a parte musical.
11. Le o seguinte poema e responde:

“Na morte de miña nai”

Nai, ¡adorada nai!, mártir escura,
branca pombiña, arruladora e tenra,
¡ai! Si souperas cómo me deixabas...
non te morreras.

Dende que te perdín, a terra, o ceo,
todo é pra min da mesma cor da morte.
O sol non me alumea, nin os campos
pra min ten frores.

Do corazón fuxiame esa alegría
que é nas frores aroma e vos nos páxaros,
i andan por dentro do meu peito os corvos

arrevoando.

¡Como recordo aquelas noites craras
en que ó fulgor da prateada lúa
me arrulába-lo sono, dos teus cantos
coa doce música!

Curros Enríquez (adaptación)

- a) Relaciona este texto coa biografía de Curros.
 - b) Comenta as imaxes e adxectivos coas que caracteriza á nai.
 - c) Que simbolizan as distintas aves que aparecen no texto?
 - d) Curros representa esta composición: o poeta intimista ou o comprometido? Xustifica a resposta.
12. Explica algunhas das razóns da protesta de Curros. Tiñan base real na Galicia do seu tempo?
13. Comenta que pensaba Curros do *Progreso*. Á luz do que pasa hoxe non era un pouco inxenuo? Xustifica a resposta.
14. Relaciona o poema que Curros dedicou á morte da nai coa infancia vivida polo poeta.
15. Explica como combina Curros intimidade e crítica social no seguinte poema, un dos poemas musicados máis espallados e cantados da literatura galega.

*No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sin trégolas
os desdéns dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decía:
"Xa no mundo non teño a ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben".*

*Os seus ecos de malenconía
camiñaban na alas do vento,
i o lamento
repetía:
"Vou morrer e non ven ó meu ben!"*

*Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América
vai o probe, infelís amador.*

*I ó mirar as xentís anduriñas
cara a terra que deixa cruzar:
"Quen pudera dar volta _pensaba_,
quen pudera convosco voar!..."*

*Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
sólo os ventos
repetían:
"¡Quen pudera convosco voar!"*

*Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
prós que viron un barco marchar!...*

*Dun amor celestial, verdadeiro,
quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.*

16. Le o fragmento do poema de *M. Curros* dedicado a Rosalía e explica que concepto ten da poeta. Pode compararse co *bardo* de Pondal? Que valor ten o adxectivo *tola*?

"A Rosalía"

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan sola
na noite sin fin,
que inda recei pola probe da tola,
jeu, que non teño quen rece por min!
...
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

17. Explica, no poema anterior, as metáforas *estrela* e *noite*. Sinala anáforas, paralelismos e hipérbatos.

18. Describe con brevidade *O divino sainete*.

19. Cal é a primeira novela galega? Explica como reflicte a situación diglósica do galego.

20. Cal é o *best-séller* da literatura galega do Rexurdimento? Explica as razóns deste éxito.

21. Comenta brevemente o rexurdimento do teatro galego.

22. Cita obras de narrativa curta do Rexurdimento. Cal foi a achega de Rosalía?

Solucións:

1. No Rexurdimento publicáanse os dicionarios de Francisco Rodríguez (1863), Cuveiro (1876) e Valladares (1884). Son todos dicionarios galego-casteláns. Entre as gramáticas, a primeira é a de Mirás (1864) e especialmente a gramática de Saco e Arce (1868), primeira gramática que merece tal nome e a mellor, até a publicación da de Carballo Calero xa nos anos sesenta do século XX. Básicos son os tres tomos de *El idioma gallego, su antigüedad y vida* (1886), de A. María de la Iglesia, que recollen textos galegos desde a Idade Media á actualidade e mesmo ofrecen xa exemplos das cantigas medievais. Para a defensa da normalización do galego son fundamentais tamén actitudes coma do *Heraldo de Galicia*, que pide un espazo para o galego na prensa rexional.

2. Xornais como *La Oliva*, *El Miño* ou *El Heraldo Gallego*, aínda que escritos en castelán, incluían textos en galego e defendían a lingua, a cultura e os intereses de Galicia. Destaquemos a campaña do *Heraldo*, de Lamas, propoñendo que cada periódico galego inxerise un día á semana textos en galego. A prensa galega inaugúraa o célebre *O Tío Marcos da Portela* (1876). Os versos que figuran na súa portada son unha verdadeira declaración de principios sobre a defensa de Galicia e do galego. Na liña aberta pola publicación de Lamas, seguirán *O Galiciano*, *A Monteira*, *A tía Catuxa*, etc.

3. O historiador Vicetto pide xa en 1873 a introdución do galego na escola. O galego utilízase por primeira vez nun discurso nun acto público na homenaxe tributada na Coruña a Waldo A. Insúa por Francisco de la Iglesia, en 1888. Lugrís Freire usa o galego por primeira vez nun mitin político en 1907. Os Xogos Florais de Tui usan exclusivamente o galego: ata o menú do banquete oficial estaba redactado en galego.

4. O pasado celta brillante que cómpre recuperar; o tema do bardo, guía do pobo na recuperación da lingua e da patria; a paisaxe agreste como símbolo da dureza da vida do bardo e da tarefa de recuperación da identidade perdida. Utilización de cultismos; utilización de símbolos, como os *pinos*, que simbolizan o pasado mítico celta, os vellos guerreiros e as ansias de liberdade, pois medran cara ao ceo; epítetos, adxectivación e hipérbatos de carácter culto.

5. A estrofa é unha oitava real, estrofa propia da poesía culta. Fixémonos na anáfora e no paralelismo dos dous primeiros versos, mesmo no seu paralelismo sinonímico. Reparemos na antítese entre campo *-agreste-* e cidade *-lisonxeira-*. O campo, co *pinal espeso*, simboliza a dureza da loita, a moral épica e guerreira; a cidade *-lisonxeira-*, a derrota, a debilidade, a perda da vella identidade celta, a submisión.

6. Ver resposta anterior. Lembremos que esta oposición campo-cidade segue a manterse viva nos escritores da xeración Nós e convértese nun tópico da literatura galega.

7. A célebre frase é *Décheme unha lingua de ferro, e déixoche unha lingua de ouro*. O labor de Pondal na utilización dunha métrica culta -como a oitava real vista-, a introdución no galego de helenismos e cultismos, o uso de esdrúxulos, o hipérbato, a adxectivación culta, o símbolo...etc, converten o galego nunha lingua poética de indubidable riqueza, moi lonxe xa da sinxeleza da lírica popular.

8. O seu concepto do poeta-bardo como guía do pobo, a consideración da lingua poética como beleza, a utilización de cultismos, o emprego de símbolos, a atención aos valores expresivos dos sons co manexo de harmonías imitativas e aliteracións, etc.

9. Celébrase na carballeira de Conxo en 1856 para lembrar os mártires da revolución de 1846. Nel

participan estudantes e artesáns de Santiago. Pondal le un *Brindis* en verso e en castelán no que afirma que o pobo ten dereito á revolta cando carece de liberdade e é explotado. Outro brindé similar leuno Aurelio Aguirre. O brindé valeulle a Pondal un proceso, do que foi absolto na Audiencia da Coruña. O banquete de Conxo é expresión do progresismo galeguista da época, pois non só pide unha sociedade máis xusta e libre, senón que valora, por igual, traballo físico e intelectual.

10. A idea dun himno galego parece que foi tema de conversa nas xuntanzas e parladoiros da *Cova Céltica*. En 1907 os emigrados da Habana deciden que o poema de Pondal *Os pinos*, musicado por Pascual Veiga, se converta en himno galego e como tal é estreado no Gran Teatro da Habana o 20 de decembro de 1907. O himno reúne gran número dos tópicos de Pondal: celtismo, os *pinos*, a terra de Breogán, a loita épica pola recuperación da patria e da lingua, etc.

11. a) Sinalemos o aprecio de Curros pola nai en oposición ás difíciles relacións co pai, que ata parece que o fixo obxecto de malos tratos. b) Fixémonos nos adxectivos e metáforas coas que caracteriza á nai, en oposición aos malos tratos que recibiu de seu pai: *adorada nai, mártir escura, branca pombiña, tenra...*etc. Por outra banda, moi romanticamente, o poeta proxecta a súa dor sobre a paisaxe: desde a morte da nai *o sol non alumea, o campo non ten frores, os paxaros quedaron sen vos...*etc. c) Con respecto ás aves hai unha evolución, dende a pombiña da primeira estrofa, simbolizando a pureza e a delicadeza da nai, ata os paxaros e os corvos que fan referencia á morte cruel que lle levou a nai. d) Cómpre non esquecer que Curros é o gran poeta social, pero tamén un extraordinario poeta intimista, como se pode ver neste poema.

12. Persistencia dos foros entre o campesiñado e aumento da presión fiscal que chegou a triplicase. Falta de industrialización: o 88,7 da poboación pertencía ao sector primario. Analfabetismo: só o 38,42 % dos rapaces galegos ían asiduamente á escola. Emigración: un terzo dos emigrantes españois eran galegos. Caciquismo.

13. Como liberal progresista cría que o Progreso representado pola ciencia e a técnica producirían sen máis a felicidade entre a humanidade e que xurdiría unha sociedade xusta.

14. Curros tivo fortes enfrontamentos cun pai que parece ser que sometía á familia a malos tratos. A tradición conta que Curros fuxiu da casa porque o pai lle arrebolou un braseiro. Fronte a estes malos tratos paternos, a nai sempre foi o apoio do Curros neno.

15. O comezo do poema suxire a pena da rapaza namorada polos desdéns do seu namorado. Con todo, na segunda parte, a pena que sente a rapaza non se debe aos desdéns do *ingrato galán*, senón á súa emigración, aí a crítica social.

16. A poeta é a guía do pobo; con todo, o pobo non escoita e ata despreza a mensaxe do poeta. O adxectivo *tola* non significa 'que perdeu a razón', senón 'que sofre unha grande excitación ou entusiasmo excesivo', o que lles pasaba aos poetas. Si que pode entenderse en certa maneira como se se tratase "dun barbo".

17. *A estrela* é unha visión que representa os pensamentos, arelas, etc., da poeta. *A noite* simboliza as angustias, decepcións e padecementos da poeta. O primeiro verso comeza cun hipérbato que antepón o complemento do substantivo ao substantivo. Os versos 3 e 4 presentan anáfora e paralelismo. Os dous últimos versos tamén constitúen unha anáfora e son paralelísticos.

18. Presenta a peregrinaxe a Roma nun tren de sete vagóns, cada un dos cales simboliza un pecado capital. O poeta viaxa na compañía do poeta e precursor Añón. Toda a obra é unha

profunda crítica social e mesmo literaria.

19. *Maxina ou a filla espúrea* (1880), publicada como folletón en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Os señores, a clase alta e a xente da cidade fala en castelán; os labregos e a xente do agro falan en galego.

20. Dentro da literatura xornalística o semanario de Lamas *O tío Marcos d'a Portela*. Inicia a súa publicación en 1876 e acada a tiraxe de 4.000 exemplares cando o xornal máis vendido, en castelán, non pasaba na época dos 2.000. En canto a libro, o grande éxito foi tamén de Lamas, o célebre *Catecismo do labrego*, que publicou por entregas no citado semanario, pero que, ante o éxito obtido, edita como libro en 1889, de xeito que en trinta días esgota dúas edicións. O éxito está en que criticaba os males desde a visión sinxela dun campesiño similar aos seus destinatarios

21. A primeira obra galega de teatro do Rexurdimento é *A fonte do xuramento* de F. M. de la Iglesia e foi estreada en 1882: escrita en romance heroico presenta o castigo dun mozo forasteiro que seduce a unha moza. A primeira obra teatral en prosa será *A ponte* (1903) de Lugo Freire. Cultivaron tamén o teatro, especialmente de tipo histórico, Álvarez Giménez con *Mari Castaña* (1884), Galo Salinas con *A torre de Peito Burdelo* (1891), etc.

22. Cómpre salientar *Contos da terriña* de Pérez Placer, *Pé das Burgas* de Álvarez de Novoa; os dous considéranse discípulos de Lamas, que cultivou tamén o relato curto centrado en tipos populares, especialmente da cidade de Ourense en *Gallegada. Tradicións, costumes e tipos da terriña*, que pode dicirse que deu lugar a unha escola ourensá de narradores costumistas e realistas, entre os que están os citados Pérez Placer e Álvarez de Novoa. Da propia Rosalía publicouse postumamente *Conto gallego* (1923).